

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 14 de maio de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Apertura electrónica dos sobres B correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de retirada de vehículos ao final da súa vida útil ou fóra de uso nos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes. (Expte.-2019061506).

O secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra con data 12 de febreiro de 2020 e que a puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de retirada de vehículos ao final da súa vida útil ou fóra de uso nos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes e que é a seguinte:

Empresa	Puntuación sobre A.
Vigoto Uno, S.L. (CIF: B-36.944.510)	21
Automociones Catoira, S.L. (CIF: B-36.331.205),	19

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "B" correspondente os criterios de valoración automática presentados polas empresas admitidas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do referido servizo, ao acadar esta unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas (12,50 puntos).

Os valores ofertados foron os seguintes:



Vigoto Uno, S.L. (CIF: B-36.944.510)
Prezo unitario ofertado:

Importe sen o IVE:	90,00 €
IVE (21%):	9,00 €
Importe total ofertado:	99,00 €

Automociones Catoira, S.L. (CIF: B-36.331.205)
Prezo unitario ofertado:

Importe sen o IVE:	90,00 €
IVE (21%):	9,00 €
Importe total ofertado:	99,00 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes os criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

	Vigoto Uno, S.L. (CIF: B- 36.944.510)	Automociones Catoira, S.L. (CIF: B- 36.331.205)
SOBRE B		
1. Menor prezo ofertado, ata un máximo de 75 puntos. Neste criterio avaliarase o prezo unitario ofertado por cada vehículo obxecto do servizo detallado no Anexo I, Modelo de proposición económica. O pago realizarase en función dos prezos unitarios ofertados por cada vehículo, resultantes de aplicar a baixa ofertada en relación aos prezos unitarios de licitación. Para a aplicación da fórmula o dato a empregar é a "OFERTA TOTAL SEN IVE", que resulta da multiplicación do número de unidades máximas estimadas do servizo polo prezo unitario ofertado para toda a duración do contrato. Este criterio avaliarase en función da fórmula establecida no Anexo III.- Fórmulas para a valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmulas do presente prego..	0	0
TOTAL PUNTUACION B(Ata un máx. de 75 puntos)	0	0



A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas a este procedemento aberto simplificado, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Vigoto Uno, S.L. (CIF: B-36.944.510)	21 puntos	0 puntos	21 puntos
2ª	Automociones Catoira, S.L. (CIF: B-36.331.205)	19 puntos	0 puntos	19 puntos

2. Propor ó órgano de contratación, a adxudicación do presente procedemento aberto simplificado á empresa Vigoto Uno, S.L. (CIF: B-36.944.510) que acada a maior puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

Prezo unitario vehículo:

Importe sen o IVE:	90,00 €
IVE (21%):	9,00 €
Importe total ofertado:	99,00 €

Número de vehículos estimado/ano: 28

3. Facultar o Secretario da Mesa de Contratación para que efectúe, mediante comunicación electrónica, un requirimento á empresa Vigoto Uno, S.L. (CIF: B-36.944.510) , proposta como adxudicataria, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío do requirimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

- A **capacidade de obrar** das e dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible segundo a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

Cando se trate de empresarias ou empresarios non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea ou de estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo



que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), en función dos diferentes contratos.

- As demais empresarias e empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva misión diplomática permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Se é persoa física, o documento que acredite a súa personalidade (documento nacional de identidade para españois; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo, no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).
- Se a persoa asinante da proposición actúa en calidade de representante da ou do licitador, deberá achegarse o documento que acredite a personalidade deste representante (DNI para españois; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros) e, ademais, poder bastanteado en Dereito ao seu favor, debidamente inscrito no rexistro oficial correspondente que habilite para concorrer á celebración de contratos coas administracións públicas.
- No caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e as circunstancias das e dos empresarios que subscriben as proposicións, a participación de cada unha delas designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, desempeñará a representación da unión temporal ante a Administración.
- **Poder debidamente bastanteado**
 - As persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra ou representen a unha persoa xurídica deberán presentar tamén unha escritura de poder debidamente bastanteado por unha ou un fedatario público.



- **Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica:**

- Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

<ul style="list-style-type: none"> • <input checked="" type="checkbox"/> 	<p>Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou destinatario, público ou privado, e precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).</p> <p>Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, xunto cos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.</p> <p>O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.</p>
---	--

Nos contratos de servizos, cando a contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo como tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a relación de servizos substituirase por:



Declaración indicando maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, ao que se xuntará a documentación acreditativa pertinente cando sexa requirida polos servizos dependentes do órgano de contratación.

- **Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social** ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- **Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria** ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.
- **Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto de actividades económicas** na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse, ben mediante certificación da exención outorgada polo órgano competente, ou ben mediante declaración responsable de atoparse exento segundo o establecido no artigo 82.1.c) da citada Lei.
- **Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios** persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, segundo o detallado nas cláusulas particulares deste prego.
- Documento que acredite a constitución da **garantía definitiva**, por valor de 252,00€.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a catorce de maio de dous mil vinte.

